


Avalia-t ten entre as súas principais funcións a emisión de informes a petición da Comisión Asesora para a Incorporación de Técnicas, Tecnoloxías ou Procedementos á Carteira de Servizos, órgano colexiado de carácter permanente e consultivo, dependente da Secretaría Xeral, adscrito á Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria e Aseguramento.

Informes elaborados por Avalia-t para a Comisión Asesora de Incorporación de Técnicas, Tecnoloxías ou Procedementos á Carteira de Servizos do Servizo Galego de Saúde: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20071211/Anuncio4E092\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20071211/Anuncio4E092_gl.html).

## Ablación por láser o radiofrecuencia en el tratamiento del cáncer recorrente de tiroides



O informe tiña como obxectivo valorar a efectividade e a seguridade do tratamento do cancro recorrente de tiroides mediante ablación por láser ou radiofrecuencia. O tratamento de elección en pacientes con cancro de tiroides é a cirurxía; pero en ocasións, os pacientes con alto risco cirúrxico, con varias intervencións previas ou que non desexan someterse a unha nova cirurxía poderían ser candidatos ao tratamento con estes procedementos minimamente invasivos.

Os resultados da revisión sistemática indican que os procedementos son ben tolerados polos pacientes, con poucas complicacións maiores e con complicacións menores que se resolven co tempo; sendo os procedementos eficaces na diminución do volume do tumor, así como na redución da concentración sérica da hormona tiroidea. Porén, no caso da ablacións mediante láser, o tamaño muestral dos estudos avaliados é aínda moi pequeno, polo que son necesarios máis estudos de alta calidade para definir a selección de pacientes e aclarar as vantaxes e limitacións deste procedemento.

A Comisión Asesora para a Incorporación de Técnicas, Tecnoloxías ou Procedementos de Galicia, aprobou o 15 de febreiro de 2019 a inclusión definitiva en Carteira de Servizos do Servizo Galego de Saúde a técnica de ablación por radiofrecuencia no tratamento de cancro de tiroides recorrente en pacientes onde a cirurxía está contraindicada ou é rexeitada

[Resumen-Texto completo](#)

## Utilidad diagnóstica y clínica del PET cerebral de amiloide en deterioro cognitivo leve, enfermedad de Alzheimer u otras demencias



O obxectivo do presente informe foi avaliar, mediante unha revisión sistemática, a seguridade e/ou efectividade do PET de amiloide no diagnóstico de deterioración cognitiva leve (DCL), enfermidade de Alzheimer (EA) ou outras demencias.

O diagnóstico da demencia baséase na valoración neuropsicolóxica do paciente utilizando criterios clínicos e outras probas complementarias e de imaxe cerebral. Recentemente propúxose o uso do PET de amiloide como ferramenta que podería ser útil para o diagnóstico precoz da EA ou outras demencias. Esta proba diagnóstica emprega diferentes radiofármacos 18- fluorados (18 F-Florbetapir (Amyvid®), o 18 F- Florbetaben (Neuraceq®) e o 18 F-Flutemetamol (Vizamyl®)) que detectan o depósito de placas de beta-amiloide características da EA.

A evidencia científica revisada sobre o PET de amiloide sinala que existe unha gran variabilidade tanto na precisión diagnóstica do PET de amiloide na valoración da progresión de DCL a outras demencias, así como na validez diagnóstica na EA. As conclusións do informe recollen que sería necesario estudos adicionais sobre o valor diagnóstico do PET de amiloide e sobre o seu custo-efectividade.

A Comisión Asesora para a Incorporación de Técnicas, Tecnoloxías ou Procedementos de Galicia, informou desfavorablemente a inclusión na Carteira de Servizos do Servizo Galego de Saúde do PET de amiloide na avaliación do deterioro cognitivo.

[Resumo-Texto completo](#)



Para darse de baixa no boletín de Avalia-t, envíe un correo electrónico co asunto *baixa no boletín* á dirección [avalia-t@sergas.es](mailto:avalia-t@sergas.es)